

Proxecto de sensibilización:

# “AUGA EN ETIOPÍA”

Santiago de Compostela, maio-xuño de 2008



**IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO**



## 1. INTRODUCCIÓN: ¿Quen somos “IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO”?

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental de Cooperación ao Desenvolvemento (ONGD) galega apartidaria e aconfesional fundada en 1998. A misión e visión de IND son as seguintes:

### **MISIÓN**

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto co grupo das mulleres a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e a contribución a unha vida digna para todas as persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

### **VISIÓN**

Implicadas/os No Desenvolvemento entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece ás dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO réxese por uns principios fundamentais dos que destacaremos o seguintes:

- **IND é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.**
- IND cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituír a metade da poboación constituímos a maioría das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.
- IND é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo
- IND traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
- IND fundamenta as súas intervencións no terreo nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades de xeito que se dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- **IND traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións para contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.**
- IND busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

IND ten experiencia xa na organización de eventos que mesturan cultura, sensibilización e movementos cidadáns como o IMPLÍCATE e o IMPLÍCATE NA MARIÑA.

## 2. ¿Por qué “AUGA en Etiopía”?

Etiopía é un dos países que máis afectados está pola mala distribución da auga. Só o 24% da poboación ten acceso a auga potable e só o 12% da poboación ten acceso a saneamento. Nas zonas rurais as porcentaxes baixan a un 12% e 7% respectivamente. Porén, non se pode contemplar o problema da auga sen ter en conta o aspecto de xénero que implican dado que **son as mulleres e as nenas as que teñen que camiñar ata seis horas diarias para procurar este recurso que logo carretan ao lombo en sellas de ata 20 quilos de peso**. Polo tanto, o problema da distribución e acceso á auga ten unha dimensión de desigualdade mundial (coa concentración do uso do recurso nos países ricos) e de xénero. Moitas nenas abandonan a escola ou non van a ela dende o principio para poder encargarse destas tarefas. Isto sen ter en conta as repercusións que este tipo de traballo ten na súa saúde. Por outra banda o tempo das mulleres e o esforzo físico que consome ir buscar auga para a familia fai que sexa necesaria unha reflexión e cambio dos papeis de xénero que atribúen estas tarefas en exclusiva a mulleres e nenas.

Ata o momento moitas organizacións limitáronse a contemplar o problema da auga como un problema de infraestrutura pero Implicadas/os no Desenvolvemento quere presentar con esta iniciativa un novo enfoque que se pode resumir nas seguintes liñas: As actuacións sobre o terreo deben buscar unha xestión comunitaria da auga na que homes e mulleres compartan traballos e onde as mulleres teñan un papel de liderado claro, con recoñecemento dos seus saberes e maneiras de pensar e actuar.

## 3. LUGAR, DATAS E DURACIÓN DO PROXECTO

O evento **AUGA en Etiopía** é de carácter multidisciplinar e inclúe un número importante de accións. Todas elas se desenvolverán na cidade de Santiago de Compostela durante os meses de maio e xuño.

## 4. OBXECTIVOS E ACCIÓNS

### 4.1. OBXECTIVOS:

- Achegar a realidade de Etiopía, a importancia do coidado ambiental e a desigualdade de xénero a 2000 escolares da ESO de Compostela, 1.000 persoas máis na cidade e 2.000 máis en toda Galicia a través da web.
- Recadar fondos para introducir un compoñente de xestión comunitaria da auga no noso proxecto de empoderamento de mulleres en North Wollo, norte de Etiopía.
- Promover un compromiso máis a longo prazo da cidadanía.

### 4.2. ACCIÓNS

#### a) TRABALLO NOS CENTROS DE ENSINO

○ Desenvolvemento dos materiais didácticos: Durante o 2007 desenvolveranse uns materiais didácticos de calidade que traten os seguintes tres aspectos:

3. A cooperación internacional: que é, que actores ten, evolución histórica.

4. A situación de Etiopía: a riqueza cultural e social do país e a situación específica das mulleres.
5. A auga: presentarse o recurso natural, a súa escaseza e medidas para aforrar auga.

Os materiais, en versión impresa e electrónica, presentaranse aos centros de ensino durante o segundo trimestre do curso 2007-2008. Os materiais incluírán metodoloxías dinámicas que transmitan os contidos dunha maneira amena e axeitada aos grupos de idade aos que van dirixidos.

## b) ACCIÓNS NA CIDADE DE COMPOSTELA

○ Ambientación da cidade: Durante os meses de maio e xuño prepararase o ambiente na cidade con vistas á acción O camiño da auga; así pois colocaranse bandeirolas nas farolas e publicidade nas marquesinas da cidade de forma que a cidadanía poida comezar a prepararse para a participación. Ademais elaboraranse outros materiais publicitarios como: carteis e folletos informativos, camisetas, alfombras para ordenador, etc.

○ Programa de actos en maio e xuño: Durante os meses de maio e xuño realizaranse unha serie de actos ao redor dos temas centrais da acción na cidade de Compostela. Estes actos inclúen:

1. Curso de formación aberto á cidadanía sobre a cooperación en Etiopía, no Centro Sociocultural "As Fontiñas".

Datas: **xoves 12 (16 a 21 h) e venres 13 de xuño (16 a 21).**

2. Proxección do documental A semente, Etiopía. na Fundación Caixa Galicia.

**15 de maio de 2008 ás 19.00 h**

3. Charla sobre a auga a nivel mundial a cargo de ADEGA, na Fundación Caixa Galicia.

**28 de maio de 2008, ás 19.00 h.**

4. Exposición de fotos sobre Etiopía, da ONG Implicadas No Desenvolvemento, na Galería Sargadelos.

**26 maio – 9 xuño**

○ Camiño da auga: O día **7 de xuño** realizarase a acción colofón cunha peregrinaxe simbólica dende a Porta do Camiño ata a Praza da Quintana. Nesta peregrinaxe convidarase a mulleres do mundo da política, cultura e o deporte de Galicia a cargar cos colectores de auga que levan as mulleres en Etiopía como un xesto de solidariedade e unha forma de visibilizar esta situación. A proposta de mulleres para a peregrinaxe inclúe:

-Dña Ánxela Bugallo,  
Conselleira de Cultura e Deporte  
-Dña Dolores Villarino,  
Presidenta do Parlamento de Galicia  
-Dña Fabiola Sotelo,

Directora Xeral de Cooperación  
-Dña Carme Adán, Secretaria Xeral de Igualdade  
-Dña Chus Lago, alpinista  
-Representante do Concello de Santiago  
-Representantes das empresas de auga galegas

-Dna Rosa Aneiros, escritora e xornalista  
-Dna Mercedes Peón, música

-Dna Mabel Rivera, actriz  
-Dna María Reimóndez, presidenta de Implicadas

Ao mesmo tempo realizaranse actividades de teatro e animación organizadas por grupos de voluntariado de Implicadas en diferentes prazas da zona vella de Santiago: Praza do Obradoiro, Praza de Cervantes e Praza de Praterías.

Na Praza do Quintana farase o acto central da campaña. Instalarase un escenario onde as participantes lerán un manifesto e realizarase unha actuación do grupo etíope de danza contemporánea Aduña e Nova Galega de Danza sobre o tema da auga. Tamén se contará cunha actuación musical.

O obxectivo é que a cidadanía se una á peregrinaxe. Para isto mobilizarase ao alumnado dos centros nos que se traballou coa unidade didáctica, darase ampla publicidade ao evento e cobertura informativa nos medios de comunicación e traballarase coas asociacións veciñais e outras presentes na cidade (asociacións deportivas, culturais, etc).

### c) CIBERACCIÓNS

As ciberaccións que se contemplan enmárcanse nestes dous campos:

- Información e participación a través da páxina web de Implicadas.
- A cidadanía poderá subscribir o manifesto que se presentará no acto do camiño da auga. Tentarase buscar o apoio dos grupos políticos e se fose posible do Parlamento de Galicia para esta iniciativa que buscará unha maior implicación de Galicia na erradicación da pobreza en Etiopía a través dunha vía política de non colaboración coa explotación aos países do sur.
- Recadación de fondos para o proxecto a través do patrocinio de empresas de auga mineral galegas. Animarase á cidadanía a facer "clic" nos logotipos das empresas e estas doarán unha cantidade que se acorde segundo o número de persoas que fagan o clic no seu logotipo.

### Contactos:

#### **María Reimóndez**

Presidenta IND  
Avda das Camelias 114  
36211 Vigo  
626604251/886111327

#### **Lucía López Bayo**

Coordinadora da actividade  
606315047  
[luciamariz@hotmail.com](mailto:luciamariz@hotmail.com)  
[www.implicadas.org](http://www.implicadas.org)

## ANEXOS

### 1. **Proxecto:** XESTIÓN COMUNITARIA DA AUGA DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO EN MOLOXI (ETIOPÍA).

#### **Presentación do proxecto**

Etiopía é un dos países máis pobres do mundo, ocupa o quinto lugar pola cola no Índice de Desenvolvemento Humano das Nacións Unidas e son moitos os indicadores que poñen de manifesto esta situación.

A pobreza é un fenómeno provocado por causas internas e externas no que cómpre traballar dende as propias sociedades do Norte cambiando os nosos hábitos e comportamentos e tamén dende as propias sociedades do sur, onde teñen o papel máis importante as organizacións da sociedade civil que buscan un cambio social. Unha destas organizacións é a Women Support Association, unha organización que traballa dende para erradicar a pobreza no país dende un punto de vista do xénero. Este é o mesmo obxectivo có de IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO e por iso as dúas organizacións colaboran dende 2003 en diferentes proxectos no país.

A pobreza tampouco afecta por igual a homes e mulleres e son estas últimas as que, por motivos das expectativas que a sociedade ten sobre elas (os papeis de xénero) se vén suxeitas a unhas circunstancias máis desfavorables dende o punto de vista do exercicio dos seus dereitos humanos, o acceso aos recursos e o dereito a vivir sen violencia.

Dende estas bases nace o proxecto XESTIÓN COMUNITARIA DA AUGA DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO EN MOLOXI que de seguido presentamos, a proposta é para o primeiro ano de traballo, aínda que a totalidade do programa debería durar catro anos para conseguir resultados perdurables.

#### **RESUMO DO PROXECTO**

##### **Onde está e como se vive en Moloxi?**

Moloxi é unha comarca do Habru woreda en North Wollo, que pertence á Rexión Ahmará, ao norte de Addis Abeba.

Moloxi está situada a 25 km do núcleo de poboación máis próximo (Mersa), no corazón da montaña, e só é accesible a pé ou en mula. A poboación de Moloxi son 3000 persoas, coas que traballará o proxecto de forma xeral e de forma particular con 100 mulleres e as súas familias (500 persoas), é dicir, o 16% da poboación total. A poboación vive da agricultura e da gandería para a subsistencia e adoitan vender algo da colleita para mercar os bens de consumo básicos necesarios (aceite, sal) que non poden conseguir autonomamente.

En xeral os indicadores de desenvolvemento do Habru woreda son moi baixos e Moloxi amosa indicadores aínda inferiores aos do woreda. No Habru woreda, os ingresos anuais por familia son de 12520 Birr (1.252 euros), dos cales ademais só unha porcentaxe baixa chega ás mans das mulleres, que adoitan realizar traballos non remunerados ou de baixa remuneración. O 75,6% das mulleres son analfabetas, a mortandade infantil é de 123 de cada 1000 nacementos vivos e a morte perinatal é de un/ha fillo/a por cada 13 para o

total de Etiopía e 177 por 1000 na rexión Ahmará, que amosa as peores cifras para todo o país. Tamén é esta a rexión onde as mozas casan a idades máis temperás, 14 anos de media fronte a 16 do resto do país. A situación de violencia contra as mulleres resulta especialmente alarmante nesta zona con aspectos tales como a práctica do *jebatha* (entregar as rapazas que chegan á puberdade sen casar ás autoridades relixiosas para que as "desvirguen", é dicir, para que as violen con consentemento das familias), *warssa* (herdanza da muller por parte dos irmáns), mutilación xenital, rapto, violación, violencia intrafamiliar. As cifras para Etiopía amosan que o 25% das mulleres son violadas e o 80% son vítimas da mutilación xenital.

Ademais, na comunidade existen papeis de xénero moi estritos polos cales as mulleres teñen asignadas certas tarefas e os homes outras, o cal ten como resultado a sobrecarga de traballo das mulleres e a imposibilidade de exercer os seus dereitos máis básicos. No traballo que se fixo coa comunidade para identificar os problemas existentes detectouse que a recollida e transporte da auga lévalles ás mulleres entre 2 e 5 horas cada día, dependendo do tamaño da familia, e que nalgúns casos mulleres anciás teñen que seguir realizando esta gravosa tarefa se non teñen fillas que as poidan substituír. As mulleres cargan ao lombo pola montaña arriba con garrafas de 25 litros varias veces ao día. Ademais, as mulleres teñen que traballar tamén no campo e ocuparse do resto das tarefas domésticas. Os homes, pola contra, traballan só no campo. As mulleres expresaron que o seu maior problema eran precisamente estas actitudes dos homes, que mesmo baten nelas cos caxatos cando queren levar o gando a beber á fonte e as mulleres están recollendo a auga. É esta situación de desigualdade de xénero a que está na base do problema da xestión da auga. Estas tarefas son compartidas tamén polas nenas, que non acoden á escola para poder encargarse de tales traballos.

### **Como nace o proxecto?**

O proxecto baséase na anterior experiencia de WSA en Moxi, onde construíu unha fonte que mellorou a xestión da auga ata certo punto (antes só había un remanso onde bebían tanto gando como persoas e onde as mulleres tiñan que recoller con cazos a auga e botala nas garrafas, agora a auga sae duns canos, teñen espazo separado para lavar e para o gando). Porén, os compoñentes de xénero non foron incluídos neste proxecto e polo tanto precísase continuar traballando neste campo. Ademais, a fonte foi construída hai varios anos e polo tanto precisa mantemento e reparación. WSA tamén traballou en Moxi na prevención da mutilación xenital, o programa rematou en 2003 e a práctica reduciuse significativamente, ademais de contar cunha traballadora formada na zona de traballo.

Por outra banda, IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO e WSA comezaron o traballo conxunto en 2003. A organización conta cun proxecto en Mersa, a vila máis próxima a Moxi (25 km) no que se traballa coa metodoloxía dos grupos de aforro e microcrédito para empoderar ás mulleres. O enfoque tivo tanto éxito que se está a traballar tamén en Wurguessa. Neste momento estase proporcionando apoio a 54 grupos nestas dúas zonas. Os grupos son asociacións de 15-20 mulleres que se reúnen cada semana e aforran unha cantidade que logo van rotando como grupo. Son elas as que deciden os intereses dos préstamos e pouco a pouco poden mellorar ou crear negocios que as axudan, de forma autónoma, a superar o nivel da pobreza. Ademais das cuestións económicas os grupos tamén son unha plataforma de intervención social para as mulleres. O proxecto inclúe tamén clases de alfabetización, apoio educativo para nenas e nenos e sensibilización sanitaria e de xénero para homes e mulleres. Grazas a este proxecto as dúas organizacións contan con boa experiencia no traballo conxunto para adoptar novas iniciativas.

## **Obxectivos do proxecto**

### *Obxectivo xeral*

-Mellorar as condicións de vida da poboación erradicando a discriminación de xénero

### *Obxectivo específico*

-Establecer relacións de xénero igualitarias para mellorar a xestión da auga.

### *Accións e resultados*

-Mellorarase a fonte existente: acometeranse as obras necesarias para mellorar a infraestrutura existente a así mellorar a fonte de acceso auga para 3000 persoas.

-Campañas para cambiar os papeis de xénero: para mellorar a situación das mulleres e poder aplicar o resto dos compoñentes do proxecto cómpre que a comunidade cambie as súas percepcións sobre os papeis de xénero. Para isto organizaranse campañas xerais sobre o que é o xénero para toda a comunidade, cursos específicos para as mulleres e intercambios de coñecemento entre os homes de Moxi e os homes do proxecto de IMPLICADAS e WSA en Mersa que colaboran na casa e cambiaron xa de actitudes con respecto ao xénero. Tamén se traballará coa estratexia dos diálogos familiares, é dicir, encontros dun día entre varias familias para poñer en común aspectos relacionados co xénero e como afectan á vida das persoas (por exemplo o feito de que carretar auga se considere só cousa das mulleres), con especial énfase na violencia contra as mulleres e a distribución do traballo. Agárdase que ao final deste primeiro ano o 50% dos homes amosen actitudes diferentes cara aos papeis de xénero e que polo menos o 25% comecen a compartir tarefas domésticas, entre elas a recollida da auga. Agárdase un cambio de actitudes aínda maior entre as nenas e nenos.

-Estableceranse grupos de aforro para a xestión comunitaria da auga: organizaranse 5 grupos de aforro inicialmente nos que as mulleres comezarán aforrando gran de forma conxunta ata que poidan vendelo e comezar a xestionar cartos. Nos grupos, as mulleres non só poderán obter beneficios económicos senón tamén de tipo social xa que se constituirán en plataforma para representar os seus intereses e intervir en cuestións sociais. As mulleres recibirán formación sobre a xestión dos grupos e tamén sobre a xestión comunitaria da auga. A través dos grupos, as mulleres poderán acceder a animais de carga para non ter que carretar elas mesmas as garrafas e tamén recibirán formación para poder facer quendas na distribución da auga na aldea. Estas medidas, unidas ao cambio de papeis de xénero axudará a que as mulleres poidan ter máis tempo propio para outras tarefas, entre elas para a posta en marcha de actividades económicas, que se planifican para o segundo ano do proxecto.